



Concello do Grove

ANUNCIO DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

EXP.: 482/2020

ANUNCIO DE PUNTUACIÓNS DEFINITIVAS DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE 9 PEÓNS/PEONS/AS DE OBRAS PÚBLICAS, PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN DE OFERTA- LIÑA 3: PLAN CONCELLOS 2020 (EXP. 482/2020)

Constituído o Tribunal no Edificio Administrativo na Rúa Alcalde Xacobe Barral Otero, o 29 de maio ás 14.00 horas, co obxecto de levar a cabo a selección segundo as bases aprobadas por Resolución de Alcaldía do 12.05.2020 (Decreto nº 2020-0313)

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia ao posto de Peón de Obras públicas presentada por D. Eduardo Carmelo Vieira ProI na data 29.05.2020 nº de rexistro 2020-E-RC-1900 e a de Bernardo Vidal Galiñanes con data 25.05.2020 n.º de rexistro 2020 -E-RC-1850

SEGUNDO.- Publicar as puntuacións obtidas no segundo exercicio (proba de galego) realizada polos candidatos que superaron o primeiro exercicio, tal e como indica na base 4.ª da convocatoria, segundo o informe emitido polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello do Grove.

NOME	APELIDOS	CUALIFICACIÓN
AMANDIO	FERNANDES TOMÉ	APTO
JOAQUÍN VICENTE	OTERO PROL	APTO
ANTONIO	DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ	APTO
FCO. CARLOS	GARCÍA FILGUEIRA	APTO
JOSÉ	FRANCO CAO	APTO
VÍCTOR	LIS PRIETO	APTO

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 4WAQTRDShZH7PRD94RECZZWR | Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Concello do Grove

TERCEIRO.-

Vista a oferta de emprego 12-2020-3141 na que o Servizo Público de Emprego de Cambados remite os candidatos.

Visto que os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego cumpren cos requisitos establecidos nas Bases da convocatoria.

Visto que cumpren cos requisitos establecidos polas Bases reguladoras convocatoria de subvención da Deputación Provincial do Plan Concellos Liña 3 (2020).

Vista a acta de selección da proba de oposición realizada con data 25.05.2020,

Visto o informe de resultados da proba de galego do 29.05.2020.

Visto que o número de postos ofertas na categoría de Peón de Obras Públicas é de 9 e os candidatos que superaron o procedemento de oposición e proba de galego foron 6, xa que despois da fase de oposición presentou a renuncia Eduardo Carmelo Vieira Prol e a de Bernardo Vidal Galiñanes.

Visto que nas Bases de selección o seguinte proceso corresponde coa baremación dos méritos persoais.

Visto que o número de candidatos que superaron a fase de oposición e galego e inferior aos ofertados

Visto que non realizar a fase de baremación dos criterios persoais e de inclusión social indicados na base 5ª da convocatoria, non supón variación algunha na contratación dos candidatos.

Acordar non realizar a valoración dos criterios de preferencia dado que non superan o proceso máis candidatos das prazas ofertadas, polo tanto non supón ningunha diferenza substancial para a súa contratación.

CUARTO.- Propoñer, segundo a base 8ª da convocatoria, aos seguintes candidatos para a súa contratación:

- ANTONIO DOMÍNGUEZ ÁLVAREZ
- AMANDIO FERNANDES TOMÉ
- JOSÉ FRANCO CAO

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 4WAQTRDShZH7PRD94RECZZWR | Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Concello do Grove

- FRANCISCO CARLOS GARCÍA FILGUEIRA
- VÍCTOR LIS PRIETO
- JOAQUÍN VICENTE OTERO PROL

QUINTO.- Solicitar ampliación de oferta ao SPEG dado que só se cubriron 6 prazas das 9 previstas.

SEXTO.- Publicar un anuncio coa acta cos resultados desta proba nos lugares indicados nas bases da convocatoria, coa indicación dos recursos procedentes.

A secretaria

Sinatura dixital

Sen prexuízo das alegacións ou reclamacións que segundo as bases poidan realizarse, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Concello do Grove

Praza do Corgo, 1, O Grove. 36980 (Pontevedra). Tfno. 986 730 975. Fax: 986 731 358



Cod. Validación: 4WAQTRDShZH7PRD94RECZWR | Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3